

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: Características, obras e autores da literatura clásica (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Os contos de Canterbury	Jonathan Swift	Narrativa medieval
2	As viaxes de Gulliver	Gustave Flaubert	Romanticismo tardío
3	Jane Eyre	Marguerite Yourcenar	Novela histórica, s. XX
4	Madame Bovary	Charlotte Brönte	Realismo
5	Memorias de Hadriano	Geoffrey Chaucer	Novela de viaxes, s. XVIII

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural de M. Shelley: a autora e a súa época (1 punto)
 - 3.2 Faga unha breve exposición sobre a autora e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
 - 3.3 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros aspectos importantes da obra: caracterización e representación do personaxe, as consecuencias dos actos, a bondade natural do ser humano, a ciencia etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra: narrador ou narradores, espazo e tempo etc. (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Pero teño unha necesidade que aínda non dei satisfeito, fáltame algo que agora sinto coma o máis grave mal: non teño amigo ningún, Margaret; cando estea a arder co entusiasmo do éxito non vou ter con quen compartila miña ledicia; se me asalta a desilusión ninguén se esforzará para me dar alento. Confiareille as miñas cavilacións ó papel, ben certo é, pero este é un pobre medio para transmitilos sentimentos. Desexo a compañía dun home con quen poder conxeniarse, uns ollos que saiban responder ós meus. Podes xulgar-me romántico, miña querida irmá, pero sinto amargamente a necesidade dun amigo. Non teño ninguén ó meu lado que sexa amable pero valeroso, dotado dunha intelixencia a un tempo ampla e cultivada, alguén con gustos coincidentes cos meus, alguén que aprobe ou enmende os meus proxectos.

Mary Shelley, *Frankenstein ou o Moderno Prometeo*. Trad. de F. R. Tato Plaza

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A novela realista da segunda metade do século XIX: autores, temas e obras representativas (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	A metamorfose	Henrik Ibsen	Literatura alemá, s. XX
2	Os contos de Canterbury	Charles Baudelaire	Épica clásica
3	A odisea	Geoffrey Chaucer	Teatro realista moderno
4	Casa de bonecas	Homero	Poesía simbólica
5	As flores do mal	Franz Kafka	Conto medieval

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.2 A produción literaria de Pessoa, as súas peculiaridades, e importancia de *Poemas de Alberto Caeiro* no conxunto da súa obra (1 punto)
 - 3.3 Explique o tema que trata este poema e a súa relación coa totalidade da obra: a esencia das cousas, a existencia real, a actitude do eu poético etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do poema: recursos métricos, estilísticos, retóricos etc. (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica do poema e do poemario ao que pertence (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

E o que vexo a cada momento
 E aquilo que nunca antes eu vira,
 E doume ben conta...
 Sei ter o abraio esencial
 Que ten un cativo se, ao nacer,
 Reparase de veras que naceu...
 Síntome nacido a cada momento
 Para a eterna novidade do Mundo.

Creo no mundo como nunha margarida.
 Porque o vexo. Mais non penso nel
 Porque pensar é non comprender...
 O mundo non se fixo para que o pensáramos
 (Pensar é estar doente dos ollos)
 Mais para ollarnos nel e estar de acordo...

Fernando Pessoa, *Poesía de Alberto Caeiro*

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: O teatro do absurdo e o teatro do compromiso no século XX (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Himno a Afrodita	Manuel Antonio	Teatro clásico francés
2	Os crimes da rúa Morgue	Safo	Romanticismo
3	O avaro	Edgar Allan Poe	Literatura grega
4	A ópera dos tres centavos	Molière	Teatro do século XX
5	De catro a catro	Bertolt Brecht	Vangardas poéticas

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):

- 3.1 Mary Shelley e a súa época (1 punto)
- 3.2 Faga unha breve exposición sobre a autora e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
- 3.3 Expoña o tema do fragmento e relacióneo co resto da obra: a maldade, a bondade, as consecuencias dos actos, a conciencia ética etc.(2 puntos)
- 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra: narrador ou narradores, espazo, tempo etc. (1,5 puntos)
- 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra na súa totalidade (0,5 punto)
- 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

O ser acabou de falar e fitoume á espera dunha resposta. Pero eu estaba apampado, perplexo, e non daba ordenado as miñas ideas dabondo para entender todo o alcance da súa proposta. Continuou:

- Tes que crear unha femia para min coa que poida vivir e trocar os sentimentos necesarios para a miña existencia. Isto só o podes facer ti, e eu reclámocho como dereito que non te podes negar a conceder.

A última parte da súa historia reacendera en min a cólera que acougara mentres narraba a súa pacífica vida entre os habitantes da casa e, ao oírle agora isto, xa non podía aturar máis a carraxe que me queimaba por dentro.

- Abofé que me nego –repliqueille– e non hai tortura que poida arrincar de min o máis desgraciado dos homes, pero endexamais me farás indigno aos meus propios ollos. E logo hei crear outro coma ti, para que xuntos na vosa perversidade poidades arrasar o mundo? Vaite! Xa che respondín; podes torturarme pero nunca consentirei.

- Estás enganado –contestoume o demo– e, en vez de ameazar, procuro razoaro contigo. Son malo porque son desgraciado. Non son repudiado e odiado por todo o xénero humano? Ti, o meu creador, esnaquizaríasme e triunfarías; lembra isto e dime por que me hei de apiadar do home máis do que el se apiada de min (...)

Mary Shelley, *Frankenstein ou o Moderno Prometeo*. Trad. de F. R. Tato Plaza

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A literatura da Ilustración (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Os contos de Canterbury	Samuel Beckett	Novela romántica
2	A comedia humana	Honoré de Balzac	Narrativa do século XX
3	Esperando a Godot	Jane Austen	Narrativa medieval
4	Emma	Thomas Mann	Teatro do absurdo, s. XX
5	A montaña máxica	Geoffrey Chaucer	Realismo

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.2 A produción literaria de Pessoa, as súas peculiaridades, e importancia de *Poemas de Alberto Caeiro* no conxunto da súa obra (1 punto)
 - 3.3 Explique o tema que trata este poema, analizando cuestións como a natureza, o papel da razón e os sentidos, a doutrina estoica etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do poema poñéndoas en relación co conxunto da obra: recursos métricos, estilísticos, retóricos etc. (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica do poema e poemario (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

O meu ollar é nítido coma un xirasol.
 Teño o costume de andar polas estradas
 ollando para a dereita e para a esquerda,
 e de cando en vez ollando para atrás...

O que vexo a cada intre
 é aquilo que nunca vira
 e decátome plenamente.
 Sei ter a curiosidade esencial
 que ten un neno se, ao nacer,
 notase que naceu de veras...
 Síntome nacido a cada intre
 para a eterna novidade do Mundo...

Creo no mundo como nunha margarida
 porque o vexo. Pero non penso nel,
 porque pensar é non comprender...
 O mundo non se fixo para pensarmos nel
 (pensar é estar doente dos ollos)
 senón para mirar cara a el e estarmos de acordo...

Eu non teño filosofía: teño sentidos... (...)

Fernando Pessoa, *Poesía de Alberto Caeiro*

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Contextualización. Breve panorama das literaturas grega e latina.
- Información acerca das lendas e mitos como fonte principal da literatura grega.
- Desenvolvemento dos distintos xéneros literarios. Información sobre o heroe clásico da traxedia e a épica. Código de valores.
- Influencia da literatura grega na romana.
- Tópicos máis destacados da literatura romana.
- Introdución de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra, entre outros: Homero, Esquilo, Sófocles, Eurípides, Safo, Plauto, Catulo, Virxilio, Ovidio...

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, conflitos sociais, o progreso da ciencia, concepcións filosóficas (positivismo, evolucionismo, marxismo)...
- Información acerca dos temas, xéneros e características estilísticas e formais da literatura realista.
- Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra, entre outros: Flaubert, Chejov, Dostoievski, Tolstoi...

PREGUNTA 2 (1 punto: 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	Os contos de Canterbury	Geoffrey Chaucer	Narrativa medieval
2	As viaxes de Gulliver	Jonathan Swift	Novela de viaxes, s. XVIII
3	Jane Eyre	Charlotte Brönte	Romanticismo tardío
4	Madame Bovary	Gustave Flaubert	Realismo
5	Memorias de Hadriano	Marguerite Yourcenar	Novela histórica, s. XX

OPCIÓN B

1	A metamorfose	Franz Kafka	Literatura alemá, s. XX
2	Os contos de Canterbury	Geoffrey Chaucer	Conto medieval
3	A odisea	Homero	Épica clásica
4	Casa de bonecas	Henrik Ibsen	Teatro realista moderno
5	As flores do mal	Charles Baudelaire	Poesía simbólica

PREGUNTA 3 (7 puntos)

Criterios de Avaliación / Corrección

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.

Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais do mesmo.

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata 1 punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto. Movemento filosófico e cultural que se orixina e desenvolve en Europa, principalmente en Francia, durante o século XVIII.
- b) Información sobre as características relevantes deste período: espírito crítico, predominio da razón, busca da felicidade, laicismo, desexo de coñecemento, educación...
- c) Temas, tópicos, personaxes e características estilísticas e formais da literatura a Ilustración. Xéneros cultivados na Ilustración, principalmente o ensaio. Pode facerse referencia á fábula e ao teatro.
- d) Introducción de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá apuntarse algún dos trazos que caracterizan estas obras ou autores, ou centrarse nun determinado autor e a súa obra, entre outros Spinoza, Hume, Voltaire, Rousseau, Feijoo, Jovellanos, Lessing...

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

Criterios de Avaliación / Corrección

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas...
- b) Razóns que explican por que o teatro do século XX se renova e busca novas formas de expresión: progresos técnicos, escenográficos, popularización do cine etc.
- c) Información sobre as novas propostas teatrais: o teatro do absurdo e o teatro do compromiso.
- d) Introducción de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan estas obras ou autores, ou centrarse nun determinado autor, entre outros Bertolt Brecht e o seu teatro épico, dramaturgos estadounidenses (Arthur Miller ou Tennessee Williams) etc.

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	Himno a Afrodita	Safo	Literatura grega
2	Os crimes da rúa Morgue	Edgar Allan Poe	Romanticismo
3	O avaro	Molière	Teatro clásico francés
4	A ópera dos tres centavos	Bertolt Brecht	Teatro do século XX
5	De catro a catro	Manuel Antonio	Vangardas poéticas

OPCIÓN B

1	Os contos de Canterbury	Geoffrey Chaucer	Narrativa medieval
2	A comedia humana	Honoré de Balzac	Realismo
3	Esperando a Godot	Samuel Beckett	Teatro do absurdo, s. XX
4	Emma	Jane Austen	Novela romántica
5	A montaña máxica	Thomas Mann	Narrativa do século XX

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.

Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais del.

Criterios de Avaliación / Corrección

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.